

UNHA NOVA ARA A EDOVIUS PROCEDENTE DE CALDAS DE REIS NO MUSEO

A finais do século XVIII ou inicios do XIX apareceu na arqueta da fonte do Balneario Dávila de Caldas un ara romana dedicada a unha divindade, de carácter probablemente indíxena, e totalmente descoñecida: *Edovius*. A última vez que se puido ver foi con ocasión da Exposición Rexional de Santiago de 1909; desde entón, descoñécese o seu paradiro.

A temperá desaparición da inscrición motivou que se fose xerando certo grao de escepticismo, de prudencia, entre os investigadores acerca da correcta interpretación do texto gravado e, consecuentemente, da identificación da nova divindade.

Así as cousas, en 2008, o control arqueolóxico das obras de desmantelamento e edificación no soar 5-7 da rúa Laureano Salgado de Caldas de Reis dirixido por Víctor Rúa Carril permitiu recuperar unha nova e magnífica ara dedicada a Edovius que fora reutilizada como perpiaño no muro da fachada. Cunhas medidas de 83 x 50 x 47 cm e as inevitables deterioracións, a inscrición, magnificamente estudada por Barja de Quiroga e Rúa Carril, pode ser datada no século II ou inicios do III. Indicaría que un tal *Epagathus*, que sería vicario de *Deuterus*, quen á súa vez sería escravo de *Aprilis* (un escravo imperial que ostentaría o cargo de *Caesaris Dispensator*), dedicaría o altar a *Edovius*:



EDOUIO

EPAGATHU(s)

DEUTERI . A

PRILIS . CAES (aris)

DIS(pensatoris) . SER(ui) . UIC(arius)

UO(tum) S(oluit) L(ibens) A(nimo)

Non se trata dun altar máis entre os relativamente numerosos recuperados no territorio da antiga *Callaecia*. A referencia no epígrafe á figura do *Caesaris Dispensator* é clave por tratarse dun posto de certa importancia na administración provincial romana na súa condición de contable ás ordes do *Procurator*. Da presenza deste cargo na antiga *Aquae Celenae*, onde diferentes estudos apuntan ademais a existencia dunha *uexillatio* da Legio X Gemina, podería deducirse, en palabras de Barja de Quiroga e Rúa Carril, "que tamén estivese situada no mesmo lugar (no século II d.C, polo menos) unha oficina de escravos imperiais dedicada talvez á xestión do patrimonio imperial, das minas ou ó cobramento de determinados impostos. A importancia de Caldas parece ir máis alá da súa condición de lugar con augas termais".

De aí a transcendencia que supón o achado deste novo epígrafe para o mellor coñecemento da época galaico-romana, da condición da vella *Aquae Celenae* dentro da administración provincial romana, da onomástica do momento (*Epagathus, Deuterus, Aprilis*), ou, en fin, da relixiosidade galaico-romana coa ratificación da existencia dunha divindade, *Edovius*, hoxe por hoxe vinculada en exclusiva a Caldas de Reis e con moita probabilidade asociada ás augas termais se se ten en conta a proximidade dos lugares de achado das dúas únicas lápidas coñecidas (a que nos ocupa e a que se perdeu) á fonte termal.

Actualmente esta ara atópase depositada no Museo de Pontevedra.

Fonte de información:

LÓPEZ BARJA DE QUIROGA, P. y RÚA CARRIL, V. (2011): "Vicarius en un nuevo altar a *Edovius* de Caldas de Reis (Pontevedra)". *Zeitschrift für Papyrologie und Epigraphik*, 177. Bonn, pp. 298-302.

Fondos Arqueolóxicos. Museo de Pontevedra